INFORMACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS DO CALENDARIO OFICIAL E NON OFICIAL DA FGP

TEMPADA DEPORTIVA 2027

Destinatarios: entidades organizadoras (clubs, concellos…)

A Federación Galega de Piragüismo pretende confeccionar o calendario e as sedes do ano 2027, cos lugares onde se disputarán as competicións puntuables para as ligas, copas e demais probas oficiais e non oficiais de interese.

Por iso, as entidades interesadas en organizar competicións nesta tempada deberán presentar á Federación as súas propostas de realización, con **prazo ata o 31 de decembro de 2026**, xa que posteriormente terán que ser aprobadas na Asemblea Galega.

Se neste prazo xa se cubrise o total das competicións puntuables de cada unha das modalidades, todas as solicitadas posteriormente serán desestimadas.

De non ser así, todas as que se soliciten despois da Asemblea Galega terán que ser aprobadas pola Comisión Delegada.

As solicitudes realizaranse obrigatoriamente no impreso que se adxunta, con todos os seus apartados cubertos, e remitiranse por correo electrónico a **actividad@fegapi.org**.

1. COMPETICIÓNS OFICIAIS 2027

Os organizadores de cada unha das competicións das diferentes ligas galegas, así como do resto de probas non oficiais (amigables) que conformarán o calendario de competicións 2027, terán que aboar á FGP as cantidades que se indican no cadro adxunto.

A FGP farase cargo do pagamento dos equipos arbitrais e do persoal que actúe en cada regata, que comprende a montaxe do campo de regatas e a xestión da oficina da competición (salvo nas competicións de carácter non oficial/amigable, nas ligas provinciais de Lugo, Ourense e A Coruña, no caiac polo, no slalom, no caiac de mar e no barco dragón, onde os custos os asume o organizador). O organizador ten a obriga de achegar á FGP, logo da súa solicitude, a relación do material necesario para o correcto desenvolvemento da proba, os permisos e a demais información relativa á regata **no prazo de vinte días hábiles** antes da celebración da competición.

A FGP tamén achegará unha póliza de responsabilidade civil na que estarán incluídas todas as competicións oficiais e amigables.

Os requisitos mínimos que terán que cumprir os organizadores das competicións oficiais son:

- Motoras con persoal de salvamento segundo as directrices que marque a Capitanía Marítima ou o organismo responsable nesa zona, así como embarcacións de ciaboga, meta etc., segundo a necesidade.

Complexo Deportivo David Cal · Rúa Gavián, s/n · Verducido · 36151 Pontevedra · Tel. 986 842 106 · kayak-canoa@fegapi.org · www.fegapi.es

- En todas as competicións deberán estar á disposición dos deportistas vestiarios con duchas e servizos, así como baños públicos para o público asistente.
- Nas competicións de ríos/travesías, descensos, slalom e caiac de mar, en función dos riscos e dificultades que presente a competición e da súa viabilidade de acceso, é obrigatorio que os organizadores acheguen unha embarcación de peche de competición para garantir que ningún participante quede perdido no percorrido.
- As medallas e os trofeos para deportistas e clubs deberán ser achegados polo organizador de cada competición, agás nas probas que tamén estean denominadas Campionatos Galegos. Nas competicións de caiac de mar, caiac polo e barco dragón, o organizador achegará as medallas e os trofeos tamén cando a proba sexa Campionato Galego. Nas copas de sprint (pista) non se entregarán medallas. Os organizadores da competición, agás nos Campionatos Galegos, poden decidir que categorías das que participan nela puntúan para o trofeo por clubs da súa regata.
- Agás nas competicións organizadas pola propia FGP, os organizadores deberán habilitar un local (un recinto pechado e con acceso/toma de corrente eléctrica) que reúna os requisitos para a oficina da competición, a xestión dos resultados e a reunión do equipo arbitral, así como unha zona de aparcadoiro delimitada para a FGP, os árbitros, a ambulancia e os clubs.
- Servizos médico-sanitarios (ATS + auxiliar). Debido ás características das competicións, os servizos médico-sanitarios (ATS + auxiliar e ambulancia) deberán estar presentes, por se xurdise calquera incidencia, polo menos 30 minutos antes do inicio da proba.
- Enviar á FGP o percorrido e o plano da competición cunha antelación dun mes á data de celebración da proba, e tamén un plano de percorrido alternativo en caso de malas condicións meteorolóxicas.
- Achegar á FGP, obrigatoriamente, as diferentes autorizacións (Capitanía, Confederación, Augas de Galicia, Portos, Costas…) como mínimo vinte días hábiles antes do evento deportivo.
- Indicar as necesidades de material para a organización (boias, dorsais, podio etc.) como mínimo vinte días hábiles antes do evento deportivo.

Excepcionalmente, o organizador poderá indicar na solicitude a ausencia dalgún dos requisitos anteriores que non sexa exixible pola normativa autonómica de espectáculos públicos e actividades recreativas (Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia; Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos, e demais normativa de desenvolvemento). Os requisitos exixidos por esa normativa deberán cumprirse en todo caso.

IMPORTANTE: Deberase achegar o cartel da proba **como mínimo 20 días hábiles antes da súa celebración, cos logos oficiais da Federación**. Os organizadores que o desexen poderán solicitar á FGP a realización do seu cartel sen custo.

Complexo Deportivo David Cal · Rúa Gavián, s/n · Verducido · 36151 Pontevedra · Tel. 986 842 106 · kayak-canoa@fegapi.org · www.fegapi.es

IMPORTANTE: Todos os premios que se outorguen nas citadas regatas terán que ser en igualdade para homes e mulleres.

IMPORTANTE: NO CASO DE QUE O CLUB/ORGANIZADOR NON TEÑA POSIBILIDADE DE TRAMITAR DIRECTAMENTE AS AUTORIZACIÓNS DA SÚA COMPETICIÓN (Capitanía, Augas de Galicia, Confederación Hidrográfica etc.), A FGP PODE ENCARGARSE DESTE ASUNTO SEMPRE QUE SE LLE INDIQUE CLARAMENTE NA SOLICITUDE DA COMPETICIÓN E SE LLE ACHEGUE TODA A DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FACELO CUNHA ANTELACIÓN DE 60 DÍAS Á COMPETICIÓN.

Esta documentación enviarase á FGP por correo electrónico ou postal.

PARA QUE O EVENTO SEXA ENGADIDO AO CALENDARIO OFICIAL DE COMPETICIÓNS DA FGP, TERÁN QUE TER REMITIDO A FOLLA DE SOLICITUDE Á FGP POR CORREO ELECTRÓNICO, CON TODOS OS DATOS DEBIDAMENTE CUBERTOS, DENTRO DO PRAZO ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2026. AS SOLICITUDES RECIBIDAS FÓRA DESE PRAZO SÓ SE PODERÁN ENGADIR NOS TERMOS INDICADOS NO INICIO DESTA CIRCULAR (APROBACIÓN POLA COMISIÓN DELEGADA).

2. PARTICIPACIÓN DAS DISTINTAS CATEGORÍAS EN RÍOS

Os organizadores das competicións de ríos/travesías poderán elixir se inclúen nelas a participación da categoría cadete, e terán que indicalo cando presenten a solicitude da regata.

Os organizadores de **regatas de GRUPO 1** que non inclúan a categoría cadete nos ríos terán 1.000 € do canon para repartir directamente en premios na súa regata. É dicir, dos 6.000 € do canon só se aboarían 5.000 €, e os outros 1.000 € repartiríanse directamente en premios segundo se estipule previamente.

Os organizadores de **regatas de GRUPO 2** que non inclúan a categoría cadete nos ríos terán 600 € do canon para repartir directamente en premios na súa regata. É dicir, dos 4.500 € do canon só se aboarían 3.900 €, e os outros 600 € repartiríanse directamente en premios segundo se estipule previamente.

Os organizadores de **regatas de GRUPO 3** non terán redución do canon aínda que non inclúan a categoría cadete.

Nas regatas que deixen de ter a categoría cadete nos ríos, esta categoría incluirase nas regatas de infantís, se procede.

Tamén se estudará a posibilidade de que algún solicitante poida organizar un descenso de ríos/travesías para as categorías cadete e infantil, cun percorrido axeitado para estas categorías.

3. COMPETICIÓNS AMIGABLES 2027

Os gastos de arbitraxe nas competicións de carácter non oficial/amigable deberán ser aboados polo organizador directamente aos árbitros o mesmo día da competición, ao finalizar esta.

Complexo Deportivo David Cal · Rúa Gavián, s/n · Verducido · 36151 Pontevedra · Tel. 986 842 106 · kayak-canoa@fegapi.org · www.fegapi.es

Lémbrase aos posibles organizadores deste tipo de competicións que esta Federación non realizará nin autorizará ningún nomeamento nin asistencia arbitral para as competicións que non cumpran os requisitos esixidos e non estean contempladas no calendario da FGP 2027.

Para iso, nas competicións de carácter non oficial/amigable deberán comunicar a súa celebración cunha antelación mínima de dous meses, así como cubrir a folla de solicitude e achegar o xustificante de pagamento da cantidade estipulada de trescentos cincuenta euros (**350,00 €**). Os gastos de arbitraxe son á parte e deberán ser pagados directamente polo organizador.

Todos os trámites e permisos deberán ser solicitados polo organizador da competición, que os enviará á FGP unha vez estean no seu poder (sempre antes da celebración da competición).

A FGP achegará:

a) Xestión das inscricións previas na aplicación
b) Control de licenza das inscricións
c) Publicación das listaxes de saídas e resultados
d) Difusión do evento a clubs e na páxina web
e) Provisión de dorsais/adhesivos para a identificación dos deportistas
f) Material para a oficina da competición e arbitral
g) Convocatoria do equipo arbitral

O material específico (boias, podio etc.), no caso de que sexa necesario, poderá solicitarse á FGP, e **deberán ser os clubs organizadores os que se despracen á FGP para recollelo e devolvelo no mesmo estado en que o recolleron nun prazo nunca superior a dous días despois de celebrada a competición.**

Nestas competicións de carácter AMIGABLE, a FGP non achega persoal para o seu desenvolvemento (nin persoal de montaxe nin de xestión da competición).

4. COMPETICIÓNS DAS LIGAS PROVINCIAIS DE LUGO, OURENSE E A CORUÑA

Lémbrase aos posibles organizadores deste tipo de competicións que esta Federación non realizará nin autorizará ningún nomeamento nin asistencia arbitral para as competicións que non cumpran os requisitos esixidos e non estean contempladas no calendario da FGP 2027.

Recordamos que o nomeamento do equipo arbitral das competicións é competencia do Comité Galego de Árbitros.

Todos os trámites e permisos deberán ser solicitados polo organizador da competición, que os enviará á FGP unha vez estean no seu poder (sempre antes da celebración da competición).

A FGP achegará:

a) Xestión das inscricións
b) Control de licenza das inscricións
c) Publicación das listaxes de saídas e resultados

Complexo Deportivo David Cal · Rúa Gavián, s/n · Verducido · 36151 Pontevedra · Tel. 986 842 106 · kayak-canoa@fegapi.org · www.fegapi.es

d) Difusión do evento a clubs e na páxina web
e) Dorsais/adhesivos para a identificación das embarcacións
f) Material de oficina e arbitral
g) Convocatoria do equipo arbitral

O material específico (boias, podio etc.), no caso de que sexa necesario, poderá solicitarse á FGP, e **deberán ser os clubs organizadores os que se despracen á FGP para recollelo e devolvelo no mesmo estado en que o recolleron nun prazo nunca superior a dous días despois de celebrada a competición.**

Nas ligas provinciais de Lugo e Ourense, o organizador asume a organización da competición e aboará á FGP o custo real do equipo arbitral, ata un máximo de 1.500 € por competición. Se o custo do equipo arbitral é inferior a 1.500 €, só se aboará o gasto real. Na liga provincial da Coruña, igual que en 2026, as condicións económicas son as que estableza o convenio coa Deputación da Coruña.

Nestas competicións de carácter PROVINCIAL, a FGP non achega persoal para o seu desenvolvemento (nin persoal de montaxe nin de xestión da competición).

5. IMPORTES DO CANON DE ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓNS 2027

TIPO DE COMPETICIÓN	CANON	ESPECIFICACIÓNS
RÍOS/TRAVESÍAS	Grupo 1: 6.000 € + avituallamento Grupo 2: 4.500 € Grupo 3: 3.000 €	
PROMOCIÓN	3.000 €	Inclúe as Copas e o Campionato Galego de Novas Promesas
CAMPIONATOS GALEGOS (alevíns/benxamíns)	3.000 €	Inclúe tamén as Copas e os Campionatos Galegos de sprint e a Liga Galega de Alevíns
LIGA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (alevíns/benxamíns-infantís)	1.500 €	Máximo de 6 competicións.
LIGA PROVINCIAL DE LUGO	Custo real da arbitraxe, ata un máximo de 1.500 € por competición	Ver apartado 4
LIGA PROVINCIAL DA CORUÑA	Segundo o convenio coa Deputación da Coruña	Máximo de 6 competicións. Ver apartado 4
LIGA PROVINCIAL DE OURENSE	Custo real da arbitraxe, ata un máximo de 1.500 € por competición	Ver apartado 4
CAIAC DE MAR/SUP/OC1	1.500 € + medallas/trofeos	

Complexo Deportivo David Cal · Rúa Gavián, s/n · Verducido · 36151 Pontevedra · Tel. 986 842 106 · kayak-canoa@fegapi.org · www.fegapi.es

TIPO DE COMPETICIÓN	CANON	ESPECIFICACIÓNS
BARCO DRAGÓN	1.200 €	Liga galega de barco dragón (Copa e Campionatos Galegos). Máximo de 4 competicións. Ao final da liga, a FGP entregará medallas aos deportistas dos tres primeiros clubs da clasificación final
SLALOM OLÍMPICO	800 € + medallas/trofeos	Inclúe o caiac cross
PROMOCIÓN DE SLALOM	600 € + medallas/trofeos	
DESCENSO DE AUGAS BRAVAS	800 € + medallas/trofeos	
CAIAC POLO	Sen canon (os custos asúmeos o organizador)	
AMIGABLES/NON OFICIAIS	350 € + custos de arbitraxe e trofeos/medallas	Sen número máximo de solicitudes

Aprobada pola Xunta Directiva da FGP o 10 de novembro de 2026

Visto e prace · O PRESIDENTE **O SECRETARIO**

Complexo Deportivo David Cal · Rúa Gavián, s/n · Verducido · 36151 Pontevedra · Tel. 986 842 106 · kayak-canoa@fegapi.org · www.fegapi.es